

VIEIROS

Valdeorras

Edición xestionada por [Gustavo Docampo](#)

ACTO ORGANIZADO POLO IEV

Felipe Senén López falou en Viloira de Xoaquín Lorenzo e a cultura galega

A charla tiña lugar ao mesmo tempo en que a modelo Dell Atte, habitual da prensa rosa e dos programas de tele lixo, falaba no IES Martaguisela, o que deu pé ao conferenciante para criticar ás institucións públicas que promoven estas xiras promocionais de personaxes frívolos que xa ocupan espazos diarios na televisión. Criticou o insubstancial da cultura de masas, enlatada, precociñada e servida polos medios de comunicación.

- 23:00 17/12/2004

Senén López, carballiñés de ascendencia valdeorresa e berciana, foi director do Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña e na actualidade é técnico de cultura na deputación coruñesa. Na súa intervención subliñou a importancia que ten a conservación do patrimonio para a recuperación dun país, Galicia, no que a cultura popular se ten manifestado ate hai poucos anos cunha riqueza fora do común. Reivindicou a memoria da Xeración Nós e dos continuadores, como Lorenzo, que estudaron os alicerces da cultura galega en todas as disciplinas con profunda entrega e amor á Terra.

O acto, que tivo lugar no salón de actos da Casa Grande de Viloira, foi presentado polo presidente da entidade organizadora, Ángel Fernández Fernández, e por Aurelio Blanco Trincado, diante dun auditorio que gozou cunha exposición documentada e amena, na que non faltaron anécdotas e curiosidades, sobre a vida do etnógrafo ourensán e as circunstancias nas que se desenvolveu.